

**ANUNCIO NO TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO E NA PÁXINA
WEB www.paradela.es**

Por resolución da Alcaldía do día 9 de marzo de 2017, aprobouse definitivamente a lista de admitidos e excluídos da convocatoria relativa ao proceso de selección de persoal laboral temporal, 4 peóns obras públicas, ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa Deputación provincial de Lugo, para a execución de obras, servizos e creación de emprego “Programa DEPUEMPREGO”, a designación de membros do tribunal e a data de constitución do mesmo para a realización das probas da fase de oposición e valoración de méritos da fase de concurso, así como lugar e hora de realización das probas.

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Rematado o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso de selección de persoal laboral temporal, 4 peóns obras públicas, ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa Deputación Provincial de Lugo, para a execución de obras, servizos e creación de emprego “Programa DEPUEMPREGO”, e de conformidade co establecido nas bases aprobadas xunto coa convocatoria en resolución da Alcaldía do 8 de febreiro de 2017, e en virtude do artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, e do artigo 21.1g), da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación de aspirantes admitida/os e excluída/os, dos candidata/os participantes no proceso de selección, que cumpren cos requisitos das bases da convocatoria dos catro postos de Peóns obras públicas.



RELACIÓN DE ASPIRANTES

ADMITIDA/OS:

Rexistro e data	Nome e apelidos
149/01.03.17	Angelo Luciano Dipre Cabrera
153/01.03.17	José Manuel López Díaz
154/01.03.17	Ismael López Alvarez
155/01.03.17	Diego López Rodríguez
156/01.03.17	Julio Sánchez Dominguez
157/01.03.17	Adrian Seijo López
158/01.03.17	Marcos Vila Arias
162/02.03.17	José Manuel Vázquez Cadahía
164/02.03.17	Fidel López López
165/02.03.17	Antonio García Agrelo
166/02.03.17	David Rodríguez López
167/02.03.17	José Barreiro Arias
169/02.03.17	Manuel Fraga López
170/02.03.17	Daniel López Díaz
171/02.03.17	José Antonio Pérez Pérez
172/02.03.17	Javier Fernández Fernández
173/03.03.17	Ruben Mourin Maside
174/03.03.17	M ^a .Carmen Prieto Rojo
175/03.03.17	Carolina Vargas Bouzón
176/03.03.17	Marcos Díaz Pérez
177/03.03.17	Alejandro Díaz Fernández
180/03.03.17	Camilo Díaz Pérez
181/03.03.17	Manuel Vázquez Teijeiro
184/03.03.17	Marco Antonio López García
187/06.03.17	Francisco José Bonell Martín
188/06.03.17	José Manuel López Vila
189/06.03.17	Francisco Sánchez Berea
190/06.03.17	Iago Méndez Gutierrez-Barquin
192/06.03.17	José Antonio Díaz Arias
193/06.03.17	Sergio López Vázquez
194/06.03.17	Francisco Javier Rivera Díaz
195/06.03.17	Dario Rodríguez Rodríguez
197/06.03.17	Marcos López López

EXCLUÍDA/OS:

Ningún.

SEGUNDO. Neste suposto que non é obxecto de exclusión de candidata/os, nin é necesario o trámite de emenda polos candidata/os que participan no proceso de selección, do que a documentación presentada é correcta, e de acordo co establecido na cláusula sexta das bases que regulan este proceso de selección, dítase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal, lugar e hora de realización das probas, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es

TERCEIRO. Visto o establecido na cláusula sétima das bases que regulan este proceso de selección, procedese a designar como membros do tribunal cualificador:

— Presidente: D. José Luis Rodríguez López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo)

— Suplente: D. Julio González Casanova, Empregado público do Concello de Friol (Lugo).

— 1º Vogal: D.Manuel Piñeiro López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D^a. Mónica Vázquez Fandiño, Empregada pública do Concello de Láncara (Lugo).

— 2º Vogal: D^a. Maria Isabel López Fernández, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D. José Luis Vázquez Méndez, Empregado público do Concello de Portomarín (Lugo).

— 3º Vogal: D^a. Begoña Carrasco García, Empregada pública do Concello de O Páramo (Lugo).

— Suplente: D^a. Elisa Muñoz Álvarez, Empregada pública do Concello de Baralla (Lugo).

— Secretario: D. José López González, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D. Miguel Piñeiro Souto, Empregado público do Concello de Cospeito (Lugo).

CUARTO. A realización da fase de oposición, terá lugar o día 17 de marzo de 2017, ás 09:30 horas, no C.E.I.P. SAN MIGUEL de Paradela. Rúa da Veiga, nº 6, 27611 Paradela (Lugo). Trala fase de oposición, na mesma xornada e segundo o establecido nas bases que rexen o proceso de selección, procederase o acto de valoración de méritos da fase de concurso,

QUINTO. Publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos, para os efectos oportunos, así como a designación do tribunal e a data de constitución do mesmo, para a realización das probas da fase de oposición e valoración de méritos da fase de concurso, así como lugar e hora.

Mándao e asinao o Sr. Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz, en Paradela, a 9 de marzo de 2017; do que, como secretario, dou fe.

O Alcalde,

O Secretario

Documento asinado ao marxe electronicamente”

Isto faise público, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria do proceso de selección e no artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web www.paradela.es, ante o alcalde do Concello de Paradela, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no

prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web www.paradela.es, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Paradela, 9 de marzo de 2017.

O alcalde,

Documento asinado ao marxe electronicamente